# Ler un texto

Nome ______________________ Data ______________

**1 Le o texto.**

## Un comportamento misterioso



Cando Matías esperta, atopa a súa irmá Reme rexistrando o seu armario da roupa. Que raro!

Máis tarde, quere entrar na cociña. Ela non lle deixa porque disque está a fritir peixe. Moi raro!

Matías decide poñer a camiseta verde, pero non a atopa. Pregúntalle á irmá e ela contesta:

–Ai! O can do veciño levouna do tendal. Non cho dixera?

Matías non o pode crer. Hoxe é o seu aniversario. Quería poñer esa camiseta.

Pola tarde, antes de chegaren os amigos para a festa, Reme chama por el desde o comedor, e el vai correndo.



–Parabéns! Toma, o meu regalo. A túa camiseta decorada. Pinteina eu.

Agora Matías xa o entende todo. Quedoulle xenial!

**2 Que lle pasa á camiseta verde de Matías?**

______________________________________________

______________________________________________

______________________________________________

# O adxectivo



Nome ______________________________ Data ________________

**1 Subliña os dous adxectivos de cada oración.**



Manuel está moi contento coas zapatillas novas.

Os días longos de verán eran interminables.

Irea está triste porque perdeu o seu boneco favorito.

Os corredores máis rápidos foron aqueles nenos baixos.

**2 Como está cada un? Relaciona.**



Eva



Xavi



Mar e Carla



Uxío e Pepe

asustadas | enfadados | contento | triste

**3 Copia as frases substituíndo os debuxos por adxectivos.**





Eva está ______________.

Xavi está ______________.



Mar e Carla están ______________.



Uxío e Pepe están ______________.



Material fotocopiable © 2019 Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L.

# Palabras con *ll* e *i*

Nome ______________________ Data ______________

**1 Busca na sopa de letras cinco palabras con *ll* e cópiaas.**







| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| P | A | L | L | A | S | O |
| E | O | R | E | L | L | A |
| N | P | E | B | E | C | L |
| C | E | R | E | R | E | L |
| E | S | P | E | L | L | O |
| A | C | E | L | L | A | S |





**2 Copia as frases substituíndo os debuxos por palabras.**

O león é o  da selva.

Un  caeu sobre a árbore.

Roi foi onte á .

Onte estreei un  de la moi suave.



Material fotocopiable © 2019 Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L.

# Escribir unha noticia

Nome ______________________ Data ____________

**1 Relaciona as preguntas coas respostas correspondentes.**

| | |
|---|---|
| Quen o fixo? | Na parroquia de Noceda, en Lalín |
| Que fixo? | Porque lle regalaron a semente. |
| Onde o fixo? | O agricultor Manuel Veiga. |
| Cando o fixo? | Regándoa, sen lle botar produtos químicos. |
| Por que o fixo? | Hai un ano. |
| Como o fixo? | Cultivou unha cabaza de 70 quilos. |

**2 Completa a noticia cos datos anteriores.**

### Un agricultor cultiva unha cabaza xigante

O agricultor ____________

cultivou ____________

____________ na ____________

____________. Botouna hai

____________ porque ____________

____________.



A planta medrou só ____________

____________.



Material fotocopiable © 2019 Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L.